



# XIV Torneo Juan López Concello de Poio

## Categoría BIBERONES

Domingo 4 de Junio de 2017

Campo A Reiboa (Poio)

GRUPO A
ED POIO
AD SAGRADO
INDEPO
AXD VERDUGO

GRUPO C
EF PORTERO 2000
EF VILLA DE MARÍN
AX SARAIBA DO MAR
CD RIBADUMIA

Campo de A Reiboa (Hierba Sintética)						
	Campo nº 1			Campo nº 2		
15:30	InDePo	AXD Verdugo		ED Poio	AD Sagrado	
15:50	EF Villa de Marín	AX Saraiba do Mar		EF Portero 2000	CD Ribadumia	
16:10	AD Sagrado	InDePo		AXD Verdugo	ED Poio	
16:30	EF Portero 2000	AX Saraiba do Mar		EF Villa de Marín	CD Ribadumia	
16:50	InDePo	ED Poio		AD Sagrado	AXD Verdugo	
17:10	EF Villa de Marín	EF Portero 2000		AX Saraiba do Mar	CD Ribadumia	
Semifinales						
18:00	1ª 2B			1B 2A		
Final						
19:00						

Vencedor a penaltys \*

## NORMAS GENERALES

### DEPORTIVAS

- ✓ A regulamentación será a da R.F.E.F. El balón co que se xogarán os partidos será o número 4.
- ✓ Cada equipo estará formado por un **máximo de 15 xogadores**, entregando á Organización as licenzas federativas correspondentes, 30 minutos antes do comezo do seu primeiro partido. Éstos xogadores non poderán ser reemplazados unha vez comezado o Torneo, debendo acreditar a súa idade, identidade e **pertenza ao equipo que representan coa licenza federativa en vigor da tempada en curso**, tramitada pola Federación Galega de Fútbol coa súa correspondente Mutualidade. Asemade, cada xogador terá asinado un dorsal fixo para a disputa de tódolos partidos. **Tódolos documentos deberán ser ORIXINAIS non tendo validez ningún tipo de fotocopia.**
- ✓ No caso de coincidencia na uniformidade dos equipos contendentes, salvo mútuo acordo, verase obrigado a cambiar de equipaxe o que figure no calendario coma visitante.
- ✓ Cada partido na **categoría BIBERÓN** os partidos terán **unha duración de 15 minutos**.
- ✓ As semifinais e final, dous tempos de 10 min. Os desempates nas eliminatorias resolveranse cunha tanda inicial de 3 penaltys, e si fora preciso con outras sucesivas de modo alternativo.
- ✓ A competición se desenvolverá inicialmente polo sistema de liguilla a unha volta.
- ✓ Clasificaránse para a seguinte fase: BENXAMÍNS; , os tres mellores dos grupos A, B, D, E e os dous mellores dos grupos C e F. PREBENXAMÍNS: os dous mellores de cada grupo. BIBERONES: os dous mellores de cada grupo. No caso de empate a puntos nesta fase, o posto clasificatorio resolverase do xeito seguinte:
- ✓ Entre dous equipos: 1º.- Resultado obtido entre ambos. 2º.- Mellor diferenza no golaveraxe xeral. 3º.- Maior número de goles acadados. 4º.- Menor número de goles encaixados. 5º.- Xogador máis xoven .
- ✓ Entre tres ou máis equipos, a partires da súa liga particular: 1º.- Maior número de puntos. 2º.- Mellor diferenza no goalveraxe xeral. 3º.- Maior número de goles acadados. 4º.- Menor número de goles encaixados. 5º Xogador máis xoven .

### DISCIPLINARIAS

- ✓ Dúas tarxetas amarelas en dous partidos distintos acarrean un partido de sanción.
- ✓ Dúas tarxetas amarelas no mesmo partido acarrea a expulsión do mesmo, e un partido de sanción. O seu equipo poderá completarse con outro xogador pasados 4 minutos.
- ✓ Calquera actitude antideportiva dos xogadores, aínda sen participar no xogo, poderá ser sancionada.
- ✓ As substitucións se realizarán polo centro do campo.

### DE ORGANIZACIÓN

- ✓ A organización non se fai responsable de ningún tipo de lesión, enfermidade ou sustracción que se poida producir durante o torneo.
- ✓ Nos banquillos só poderán estar os xogadores suplentes (7), e os dous acompañantes debidamente acreditados pola Organización. É responsabilidade dos Delegados dos clubs, manter a debida orde durante o transcurso dos partidos.
- ✓ Os campos 1 e 2 son os ubicados na Seca. Os campos 3 e 4 na Reiboia.
- ✓ Os equipos que xoguen no Campo Municipal de A Seca, utilizarán os vestiarios 1, 2, 3, 4 que están situados dentro do Pavillón Municipal e os vestiarios 5 e 6, que se atopan no Campo de Fútbol.
- ✓ Os que o fagan no Campo Municipal de A Reiboia, utilizarán os vestiarios 1, 2, 3, 4, e 5.
- ✓ Cada delegado de equipo, cubrirá unha folla, facendo constar os dorsais dos xogadores, que levarán durante todo o Torneo. **As fichas dos xogadores teñen que estar dilixenciadas a nome do club participante, con data da temporada 2016-17, e os delegados entregaranas 30 minutos antes do seu primeiro partido na Mesa de Control. As fichas permanecerán na devandita Mesa ata o remate do Torneo.**

- ✓ Tempo máximo de espera para o comezo do partido, é de 5 minutos con respecto á hora de comezo do mesmo.
- ✓ Os equipos dacordo cos horarios marcados no calendario, poderán realizar o quecemento previo antes do comezo do seu partido na zona delimitada para elo.
- ✓ O acceso ao terreo de xogo será organizado e con rigurosa puntualidade, polo que 5 minutos antes da hora do comezo do partido, os equipos deberán estar preparados nas zonas de acceso correspondentes, e pendentas das instrucións da persoa responsable da Organización.
- ✓ Os equipos que rematan o seu partido abandonarán o campo coa maior celeridade posibel. A entrada ao terreo de xogo dos seguintes equipos participantes, efectuarase cando o responsable da Organización o autorice e ámbolosdous equipos sairán simultáneamente encabezados polo colexiado, para chegar ao medio campo entre os respectivos capitáns e dar o comenzo ao encontro.
- ✓ Prégase que os equipos estén no recinto deportivo, coa suficiente antelación á hora prevista dos partidos, co fin de respetar o horario establecido.
- ✓ As 20:00 horas do 3 de xuño (benxamíns) e do 4 de xuño (prebenx-biberón) será a entrega de trofeos. **Tódolos participantes-as recibirán un agasallo.**
- ✓ A organización resérvase o dereito de resolver calquera situación tanto deportiva, disciplinaria ou organizativa, non prevista nestas normas.

## **ACTO DE CLAUSURA**

**Unha vez rematadas as finais, terá lugar a entrega de agasallos ós clubs e a tódolos nenos-as participantes, polo que para dar un maior realce ó Acto de Clausura, pregámosvos que intentedes acadar a maior asistencia de xogadores-as.**

